

ANUNCIO

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2017

Aprobados pola Tesourería desta Deputación de Pontevedra - ORAL os Padróns cobratorios do **Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2017**, comprensivos das liquidacións, poranse ao dispor do público nos locais do **CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**, desde o **día 01 setembro ao 30 de setembro de 2017, ámbolos dous inclusive**, podendo os interesados, durante o dito prazo, examinar os mesmos e presentar, no prazo dun mes, desde o **02 de outubro de 2017**, as reclamacións procedentes consonte a dereito perante a Tesourería desta Deputación de Pontevedra - ORAL (art. 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2017


De conformidade co previsto no art. 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación cos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (RD 939/2005), comunícaselles a os contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do imposto indicado, para o **CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**, será do **01 de setembro ao 02 de novembro de 2017** do ano que andamos, ámbalas dúas datas inclusive, **rematando o día 02 de novembro de 2017 no momento de peche da Caixa de cada oficina bancaria (art. 19.3 do Regulamento xeral de recadación, R.D. 939/2005)**.


O imposto **poderá satisfacerse**, consonte co artigo 23 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, **a través de calquera entidade bancaria colaboradora, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<http://oral.depo.es/>) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario**. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá, **ata o día 02 de novembro de 2017**, obter un duplicado nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9. Tlf. 986 859 993 - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica correspondente.

Os contribuíntes que a **15 de outubro** non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o **02 de novembro de 2017** para os solicitar na oficina indicada e efectuar o pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da Lei 53/2003 Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.


Pontevedra, 21 de agosto de 2017
O tesoureiro,


Miguel Angel Santirso Fernández
